

ANÁLISE DAS EMISIÓNS ATMOSFÉRICAS DE ALTRI. CONCLUSIÓN

“PROXECTO GAMA: Implantación de unha industria de fibra téxtil a base de celulosa y sus infraestructuras asociadas”, GREENFIBER SL.

Resumo de prensa

- 1. As emisións directas a atmósfera de ALTRI para o seu proxecto de Palas de Rei son moi altas: 252,5 t/ano de partículas (PM10); 577,58 t/ano de óxido de xofre; 2.180,9 t/ano de óxidos de nitróxeno e 53,22 t/ano de TRS (compostos volátiles reducidos de xofre como sulfhídrico).** Non se cuantifican por ALTRI as emisións de dióxido de carbono, monóxido de carbono, partículas finas PM2,5 nin outras propias das celulosas como metais, metais pesados, compostos orgánicos volátiles, vapor de auga, metano... como tampouco se cuantifican as emisións difusas.
- 2. Comparación de ALTRI con outras celulosas de Galiza, Estado, Portugal e Europa:**
 - **Galiza:** ALTRI emitirá á atmósfera por unha cheminea de 75 m, tan alta como a catedral de Santiago, máis que Ence - Pontevedra. Multiplicaría por 5,8 as emisións de partículas de Ence ano 2023; por 3,96 as de óxidos de nitróxeno e por 28,3 as de óxidos de xofre.
 - **Estado:** ALTRI emitiría máis que calquera das oito grandes celulosas do Estado e chega a estar moi por riba das emisións conxuntas no caso das partículas PM10 (4 veces máis) e óxidos de nitróxeno (4,67 veces máis).
 - **Portugal:** Ao comparar as emisións específicas de ALTRI para o proxecto de Palas de Rei co conxunto de celulosas do Grupo ALTRI en Portugal e coa celulosa Celbi (L'Hospitalet) tamén de ALTRI, vemos que:
 - **Partículas:** Emitiría 0,6 kg/t de pasta fabricada cando o Grupo ALTRI en Portugal emite 0,2 kg/t e Celbi (ALTRI) emite 0,16 kg/t.
 - **Óxidos de nitróxeno:** OA planta de Palas emitiría 5,45 kg/t, e o Grupo ALTRI emite 1 kg/t e Celbi 1,09 kg/t.
 - **Óxidos de xofre:** En Palas ALTRI pretende emitir 1,44 kg/t cando o Grupo ALTRI emite 0,1 kg/t e Celbi 0,05 kg/t.
 - Cando comparamos ALTRI de Palas coa pasteira Navigator, observamos que as emisións de Navigator do ano 2022 son inferiores as previstas para o ano 2027 de ALTRI.
 - **Suecia:** Comparando as emisións de ALTRI coas emisións de celulosas de Suecia, as suecas están moi por baixo das emisións de gases de xofre e de óxidos de nitróxeno, que chegan a 6,1 veces inferiores ás de ALTRI.
 - **Europeas:** Nas celulosas de Finlandia, Portugal, Austria e España, a media das emisións conxuntas para óxidos de xofre e moi inferior ás de ALTRI. ALTRI chega a multiplicar por 5,8 as emisións de óxidos de nitróxeno dalgunha celulosa europea.
- 3. MTD: Melloras Técnicas Dispoñibles.** ALTRI está lonxe de cumprir coas Melloras Técnicas Dispoñibles MTD (IPCC, ano 2001) tanto en partículas como en óxidos de xofre ou óxidos de nitróxeno no que atinxe a kg/t e a Emisións Anuais Totais. Porén di cumprir dentro duns amplos rangos de emisión mínima e máxima fixados nas MTD para a caldeira de recuperación, a caldeira de biomasa, o forno de cal e caldeira de emerxencia. ALTRI sempre escolle o rango máximo que permiten as MTD e por un efecto acumulativo a emisión total sobrepasa as MTD. Deste xeito, no total emitido, **ALTRI NON cumpre coas MTD.**
- 4. Contaminación.** Cabe esperar o aumento das concentracións de partículas, óxidos de nitróxeno, óxidos de xofre, etc. nas proximidades da fatoria que se estenderán dende centos de m da industria a varios km á redonda dependendo de factores meteorolóxicos (humidade relativa, precipitacións, dirección do vento, estratificación da atmosfera, inversións térmicas...), climatolóxicos, topográficos... A formación de contaminantes secundarios prexudiciais -derivados das emisións directas- pode dar lugar a choiva ácida e ozono troposférico xa na zona próxima, prexudicial para a saúde e o ambiente. Poden esperarse problemas na saúde e nos ecosistemas: Agravamento de enfermidades respiratorias e outras en especial en persoas sensibles e con enfermidades crónicas. A emisión de partículas PM2,5 que nin se citan e provocan entre outros problemas cardíacos, respiratorios, tumorais, neurolóxicos... Nos ecosistemas reducirase a produtividade na agricultura e apicultura incrementándose as choivas ácidas polas emisións de óxidos de xofre e compostos de nitróxeno.
 - ALTRI é unha industria moi contaminante, non só non cumpre senón que contradí os mandatos europeos que promoven unha economía sustentábel, limpa, circular, eficiente no uso dos recursos e climáticamente neutra.
 - ALTRI pasaría a ser a primeira industria na Galiza emisora de óxidos de nitróxeno e de partículas PM10 e a cuarta de óxidos de xofre.
 - ALTRI traería asociada unha importante problemática na saúde humana e no medio ambiente. Precisamos industrias, mais non calquera industria (como a celulosa) nin a calquera prezo, para non hipotecar o futuro do país.

ADEGA, maio de 2024

